

FILGUEIRA VALVERDE: ENSAÍSTA E DIVULGADOR

Ramón Nicolás Rodríguez
Fundación Celso Emilio Ferreiro

Resumo: Ás evocacións sobre Filgueira Valverde desde un punto persoal incorpóranse algunhas reflexións sobre o seu perfil intelectual e a súa versatilidade creativa. Repárase nalgunhas dimensións da súa obra de investigación e divulgación, destacándose tamén algúns aspectos como epistológrafo e antólogo.

Abstract: This contribution focuses not only on remembering Filgueira Valverde from a personal perspective, but on sharing some considerations regarding his intellectual flair and creative versatility. Special attention is paid to some aspects relative to his research and dissemination work, with highlights of his scholarly editing of letters and anthologies.

Palabras chave: Xosé Filgueira Valverde, literatura galega, perfil intelectual, traballo creativo, epistológrafo, antólogo.

Key words: Xosé Filgueira Valverde, Galician literature, intellectual profile, creative work, editing of letters, anthologist.

ALGUNHAS EVOCACIÓNS PERSOAIS

Debo comezar expresando o meu agradecemento ás entidades organizadoras deste Congreso –Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Museo de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e Fundación Barrié– por querer contar coa miña presenza e coas miñas palabras nestas xornadas de recoñecemento á figura de Xosé Filgueira Valverde. Trateino fugazmente a mediados de setembro de 1991, en Mondoñedo, ao fío da súa participación no Congreso Álvaro Cunqueiro. Quen fala case aínda non saíra das aulas de Filoloxía da Praza de Mazarelos e Filgueira era quen era e, a min, non sei calibrar ben as razóns, impoñíame. No mindoniense Seminario de Santa Catarina foi Xesús Alonso Montero quen nos presentou. Atrevínme, así, a preguntarlle sobre se se preservara –ou non– unha autopoética e os correspondentes poemas de Manuel Luís

Acuña, o poeta trivés autor de *Fírgoas*, no proxecto da antoloxía que preparara nos tempos da Segunda República. Tras apenas uns segundos de silencio respondeu con convicción –e é boa mostra da memoria extraordinaria que gozaba– que Acuña non lle enviara as súas respostas, aínda que el si lle remitira o célebre cuestionario. En efecto, pasados os anos, a excelente publicación onde se recolle ese traballo, esa edición primorosa levada a cabo por Ana Acuña e Xesús Alonso Montero así o testemuñou.

Por outro lado, na cidade de Vigo e ao longo da miña adolescencia, lembro a súa presenza case doméstica a través dos seus artigos publicados no *Faro de Vigo*, que moito gorentaban o meu avó, os célebres *Adrais* ou *Adrales* como seica gustaba de citalos, e evoco con claridade a tonalidade da súa voz e as súas palabras nalgunha conferencia que ditou en Vigo, a onde se desprazaba con certa frecuencia pois máis dunha vez lembro distinguir o seu inconfundible perfil, xunto coa súa esposa, pola rúa do Príncipe ou García Barbón.

Filgueira foi para min, sempre, un sabio: un erudito como o deberon ser os de outrora, e mais un home da cultura galega. Así o percibín cando fun internándome e interesándome pola nosa cultura e literatura e aí xorde, sempre xurdirá, o papel clave que sempre tiveron os seus *Adrais* para min, inicialmente como lector mais tamén como filólogo e crítico posteriormente, pois creo que algún dos seus derradeiros “adrales” ou mesmo algún libro seu publicado por Galaxia, cheguei a recensionalo nalgún medio xornalístico: a ese grao chegaba o meu atrevemento, penso agora coa perspectiva que dá o tempo. A totalidade da serie –talvez a primeira que puiden completar con orgullo–, a que foi editada na benemérita Edición do Castro, supoño que pesou de xeito determinante nos anos da miña formación intelectual formando parte do conxunto de libros de cabeceira que, pasados tantos anos, aínda non abandonei nin substituí. Souben despois que o propio autor concibira estas pequenas píulas de saber –que sempre lin en clave de verdadeiros exercicios de estilo pola súa axilidade narrativa, pola súa claridade e mesmo, se me permite, pola súa dicción–, como palabras que o espellaban a el mesmo e que eran resultado do seu lecer (Ferro 2000), afirmación que esencializa, con rotundidade, unha personalidade intelectual infrecuente. Beizón por ese espello que reflectiu tanta erudición e que difundiu, as máis das veces, ciscando aquí e acolá, como quen non lle outorga importancia ningunha, suxestións e pistas para que alguén seguise eses fíos e se animase a comezar novas investigacións. A miña devoción, e dedicación filolóxica e profesional cara a lingua e a literatura galegas, pola súa historia e tamén polo seu presente, se cadra mesmo a querenza indisimulada que conservo polo xénero ensaístico que mesmo en ocasións e cando podo, tamén exercito, é ben posible que teña a súa orixe, nunha parte non desprezable, alén do maxisterio dalgún profesor felizmente aínda hoxe próximo, nestas lecturas dos primeiros anos da mocidade.

Cómpre estar agradecido, e manifestalo publicamente, por ter a sorte de vivir nun país no que alguén que se chamaba Filgueira ideou os *Adrais*, e porque neles se transmitisen tantas cousas pois desde aí un foi sabendo tamén de onde viñamos, quen eramos e en que lugar viviamos. Estou certo, por outro lado, que moitos casos hai parellos ao meu que se deron nas sucesivas promocións de filólogos e filólogas saídos das universidades galegas, cando menos entre aqueles que aínda temos presente que a filoloxía segue a ser o amor á palabra.

Convócaseme aquí para disertar, aínda que sexa brevemente, xustamente da miña visión –unha visión particular e subxectiva, sen pretender ir moito máis alá dos límites do divulgativo– sobre unha parte do seu traballo, nomeadamente aquel que se acomodou nos ámbitos da investigación e interpretación do feito literario galego, que segue ao meu xuízo moi viva e respecto da que admiro a súa capacidade de esencializar e sintetizar coñecemento e sabedoría para transmitilo con efectividade, alén desa capacidade antes citada de suxeirir camiños que, aínda hoxe, constitúen horizontes fiables para avanzar, como tamén o son aqueles que afincan as súas raizames na intensísima actividade desenvolta nos eidos da investigación musical, no ámbito da museoloxía, na arqueoloxía, na historia, na arte, na epigrafía, na antropoloxía cultural, na práctica da docencia, no ámbito da oratoria ou nalgunhas experiencias que teñen que ver co mundo editorial como representa o proxecto de Bibliófilos Gallegos. O seu foi un labor relevante e totalizador, e conforma ou máis ben alicerza a definición exacta de polígrafo: alguén aberto a diversas ramas do saber, dominado por unha inequívoca vontade tanto de ir sempre máis alá na adquisición de coñecementos como de divulgar aquilo que se aprendeu. Ben acaída é, talvez, a afirmación de que xunto con Ramón Otero Pedrayo foi o derradeiro polígrafo da cultura galega do século XX, e, xunto con el, constitúe un dos autores de obra máis intensa e extensa.

PRECOCIDADE E VERSATILIDADE

Sintetizar, e subliño a dimensión semántica do verbo sintetizar, no tempo que dispoño, a faceta de Filgueira como ensaísta e divulgador, deixando fóra mesmo esoutras tarefas de carácter intelectual que tamén o ocuparon e que foron ou serán analizadas aquí, antóllaseme como un obxectivo pouco menos que inalcanzable de non limitar a esculca, como así farei, á súa proxección como ensaísta que afondaba en asuntos literarios e/ou culturais, maioritariamente publicados en lingua galega, sendo inevitable tamén referirse a outra obra de asunto semellante que, polas razóns que fosen, viu a luz en castelán. Limitando o espazo de análise resulta, aínda así, nun polígrafo da súa altura, practicamente imposible abranguelo coa sistematicidade precisa pois, entre outras

razóns, Filgueira simboliza un caso extraordinario de precocidade intelectual debido a que a súa presenza pública como articulista –e esta é unha vertente indiscutiblemente ligada ao labor de divulgador– nace aos dezasete anos coa publicación dun artigo titulado “Gelmírez” na revista compostelá *Renovación*, como se indica na biografía intelectual publicada por Xesús Alonso Montero de onde extraio este e outros datos posteriores que permiten recompoñer con seguridade e rigor o seu percorrido vital e, loxicamente, intelectual. O devandito artigo ve a luz o mesmo ano no que realiza, xunto con outras personalidades, a célebre andaina a Padrón que suporía a simbólica fundación dunha das institucións máis relevantes do século XX como foi o Seminario de Estudos Galegos e, xustamente un ano despois, aparecería publicada a súa primeira colaboración, probablemente, en lingua galega baixo o título de “A Virxe Santa María nas cantigas do pobo” na *Hoja Parroquial de Santa María* (Pontevedra), iniciando ao pouco tempo, baixo esa mesma intención divulgativa, as súas primeiras colaboracións na revista *Nós* e, moi axiña, outras de parella intención desde as páxinas de *El Pueblo Gallego*. Non hai máis que reparar nos asuntos escollidos: as cantigas do Rei Sabio en *Nós* e reflexións arredor da pedagogía, o galeguismo, o Padre Sarmiento e o ensino da lingua galega no xornal vigués. Esteos que, permítaseme a xeneralización pois hai moito máis, afinca con solidez e sobre os que seguirá avanzando nos anos vindeiros: estas, entre outras, serían preocupacións e ocupacións recorrentes na súa vida intelectual, que nunca abandonará coma se todo respondese, talvez inconscientemente, a un plan que case semella pre-deseñado. Para explicarse esta precocidade inusual, aplicable como non ás facetas que aquí me ocupan, teño para min que cómpre ter en conta o que Víctor F. Freixanes afirmou en diversas ocasións para lograr entender a filosofía de traballo do intelectual pontevedrés: para Filgueira o verdadeiro descanso non supuña interromper totalmente a súa actividade senón en cambiar constantemente de tarefas de maneira que esta dinámica lle permitía “aparcar” unha ocupación e acometer outra con novas forzas. Esta, sen dúbida, e outras razóns que se asocian a unha capacidade de traballo envexable, explican como a súa produción intelectual se diversificou en tantos e diversos intereses e como medrou, case exponencialmente, ao longo da súa vida.

Nestas liñas que seguen, así pois, deseñarei algunhas das claves da súa achega no que se refire estritamente ao labor desenvolto como ensaísta, divulgador e investigador literario, sendo consciente de deixar fóra unha actividade inxente e subliñando, pois, dúas pólas dentro deste ámbito como son, por un lado, a xa devandita colección dos seus *Adral* e, por outro, os seus estudos medievalísticos para realizar, finalmente, unha breve cala tanto no seu labor como epistológrafo e antólogo, a carón dunhas propostas de posible investigación futura.

A OBRA DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN

É plausible, ao meu ver, a iniciativa que comezou a editorial Galaxia de reeditar este ano a colección dos *Adral* de Filgueira: esa enciclopedia de saberes vinculados con Galicia, agora cun formato maior que os volumes orixinais que viran a luz en Edicións do Castro. Segundo fontes da editorial, a estes dous primeiros volumes que xa viron a luz seguiranlle os restantes pois esta colección, que se foi publicando desde 1979 ata 1996, conformando un total de nove entregas, constitúe, sen dúbida, un dos seus grandes legados no ámbito da investigación e no da erudición ao compilar un número oceánico de colaboracións dispersas ao longo de moitos anos e publicadas en diferentes lugares, sintetizando nelas, con inequívoca vontade de estilo, unha cantidade inxente de reflexións e de coñecemento, de todas as ordes posibles e onde o literario non ocupa un lugar menor, pois segundo Alonso Montero “en calquera dos nove volumes, a metade, *grosso modo*, das páxinas refírense ás Letras Galegas” (2007: 259). Particularmente sempre advertín nestas propostas breves e estilizadas, alén da súa orientación didáctica e extraordinariamente documentada, a posibilidade –como sinaléi ao comezo da miña intervención– de seguir tirando dalgún fío que, aquí ou acolá, o autor deixaba caer. Poño por caso a información que deitaba no primeiro *Adral* sobre os primeiros pasos dados como poeta de Celso Emilio Ferreiro no texto “O primeiro Celso Emilio” onde daba conta da resposta que o poeta de Celanova lle dera ao inquérito para a publicación do que chamaba “Escolma da Lírica Galega”. Ben pouca información había contra os primeiros anos noventa da pre-historia de Celso Emilio, e eses datos eran ben valiosos: a min servíronme, como outros, de maneira inestimable para “tirar do fío”. Filgueira, así o entendo eu, exercitaba nestes textos unha práctica de inspiración docente e transparentemente didáctica: mostrar o camiño, suxerir, convidar a apreixar o coñecemento. Algo tamén presente, non podería obvialo, nos estudos dedicados a Camões e a Cervantes, extraordinarios aínda hoxe.

Neste apartado referido á investigación cómpre recoller, aínda que sexan unhas breves referencias, ao legado que Filgueira deixou en forma de estudos medievalísticos: velaí o estudo *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1936, reeditado por Xerais na súa colección Extramuros en 1982): unha tese como é sabido pioneira de literatura comparada e durante moitos anos traballo fundamental nas investigacións co corpus mariano afonsí arredor da lenda do monxe do mosteiro de Armenteira. Por outro lado, Galaxia publicaría en 1992 o título *Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos (1925-1987)* onde compilou parte das súas achegas máis relevantes verbo das primeiras manifestacións escritas na nosa literatura que van desde a poesía de santuarios, pasando pola paisaxe no *Cancioneiro da Vaticana* ata os temas da festa ou do viño na lírica trobadoresca, como neste Simposio se comentou con eficiencia e rigorosidade.

EPISTOLÓGRAFO E ANTÓLOGO

Existe, polo de agora, unha mostra publicada do abondoso epistolario de Filgueira que pertence a ese ámbito, tan admirado por min, como é o do xénero epistolar pois tantos aspectos biográficos, literarios e sociais axuda a entender. Trátase dun volume que recolle a correspondencia cruzada con Otero Pedrayo e que se editou en 2009 baixo a responsabilidade de María Jesús Fortes Alén, arquivista do Museo Provincial de Pontevedra, mercé a unha coedición do Museo de Pontevedra e da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales. A mesma especialista dispuxo igualmente o epistolario cruzado de Filgueira con Francisco J. Sánchez Cantón, que aínda é inédito e que moi necesario sería que vise a luz. A achega do volume publicado, moi substanciosa ao desvelar algunhas das claves da relación intelectual e converxente en tantos elementos entre os dous polígrafos, preludia –non é difícil conxecturalo– todo o que pode revelar a difusión da dixitalización da totalidade da correspondencia que Filgueira mantivo con Otero, Castelao, Risco, Cabanillas, Del Riego ou Valentín Paz-Andrade entre outros e que xa está en proceso, ao que sei, mercé ao Consello da Cultura Galega: este material, estou certo, de ser analizado polo miúdo e con criterio, ha deitar moita luz arredor do aspecto que aquí me convocou, isto é, a xénese, desenvolvemento e dimensións daqueles proxectos ensaísticos e divulgadores nos que participou e, ao tempo, aqueloutros que quedaron varados ou fanados por calquera razón, pois non é difícil conxecturar que os houbo e que, por diversas razóns –véxase talvez o máis coñecido como o que atinxía á homenaxe que se lle tributaría a Rosalía no ano 1937– non se puideron celebrar. Neste sentido, a miña achega a este Simposio e ao mundo da epistolografía filgueiriana cífrase na recuperación de tres cartas –coido que inéditas– que se ofrecen en apéndice e nas cales se dirixe a Celso Emilio Ferreiro, con quen gozou sempre dunha extraordinaria relación de respecto e admiración mutuas.

Retornado xa do seu exilio venezolano, en 1977, Celso Emilio Ferreiro non dubida en contactar epistolarmente con Filgueira co obxectivo de mover os fíos precisos para estabilizar a precaria situación económica de Xosé Ramón Fernández-Oxea, quen xa non tiña a quen acudir. A resposta de Filgueira (Fig. 1) non se demora como se explicita nestas cartas que traio aquí por cortesía da Fundación Celso Emilio Ferreiro. O humus común no que alentaran Ferreiro e Filgueira nos tempos da República mantívose ao longo do tempo e ambos os dous converxen nos intentos de atopar unha solución diante dun caso que os preocupa e une por riba doutras diferenzas. As cartas, breves pero substanciosas, recollen –como se pode advertir– as diversas posibilidades que Filgueira, ao fío do que suxire Ferreiro, formula: a concesión dunha bolsa vitalicia da Fundación Barrié ou a reedición dalgún libro que permitise obter liquidez en concepto

de adianto ou a compra dos seus fondos bibliográficos (Fig. 2). Filgueira sabe a quen debe acudir e, finalmente, concédeselle a Ben-Cho-Shey unha pensión como queda constancia na carta datada o 7 de xaneiro de 1978 (Fig. 3), respecto da que me permito chamar a atención sobre un parágrafo de Filgueira no que respecta á recensión que dous días antes Celso Emilio publicara sobre o seu libro *Quintana viva* nas páxinas do ABC onde mantiña a sección “Mirador literario”: o fragmento testemuña a existencia dun espírito común onde primaron, sempre, as confluencias: “Como, de certo escribimos para os amigos, i eu fíxeno coidando en vos, os de sempre, gorenta o saberse lido e comprendido con aqueles con que conversou un, compoñendo”.

Por último é de regra lembrar a recuperación da antoloxía poética galega consultada que Filgueira preparou nos tempos da República e que Xesús Alonso Montero e Ana Acuña estudaron, recuperaron e editaron con fortuna baixo o título d’*Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada (2008)*: unha achega, é indubidable, do máis estimable entre o “rescatado” dos documentos de Filgueira: un espello tanto do interese do pontevedrés por dar conta do estado da lírica galega nun momento determinado como polo feito de converterse, a ollos de hoxe, nun valioso material para a socioloxía da literatura galega.

Non dubido que, aínda, queda moito por coñecer do polígrafo pontevedrés. Esta intervención non puido beneficiarse, como desexaría, dun proceso de investigación de campo máis extensa —que moito desexaría facer pero que as miñas obrigas laborais me impediron— na que estou certo se poderían engadir aspectos interesantes. Apunto, para finalizar, tres vías ou camiños que intúo deitarían resultados suxestivos para seguir navegando no labor oceánico de Filgueira. Un versaría sobre a necesaria revisión das colaboracións xornalísticas de Filgueira que, ao longo da súa vida, foi espallando en numerosas plataformas: algunhas recollidas nos *Adrales*, abofé, mais estou certo que aínda ha haber outras dispersas que axudarían a matizar ou reformular aínda máis a súa proxección como erudito. A segunda afincaría-se no necesario que resultaría o acceso e coñecemento ao seu epistolario, a través de edicións anotadas con rigor e a terceira apunta, xa para finalizar, ao modelo que pode suxerir a recente —por significativa— achega que Manuel Regueiro Tenreiro e Fernando Regueiro Pérez realizan ao dar, no Museo de Pontevedra, co orixinal manuscrito do texto “As razóns do galeguismo autonomista” e que veñen de editar na plataforma *Galicia Dixital*: un texto, considerado unha conferencia-mitin, que Filgueira ofrece a través da emisora Radio Lugo, o 18 de xuño de 1936, solicitando o voto dos galeguistas católicos para o primeiro Estatuto de Autonomía. A edición incorpora a reprodución de todas as páxinas conservadas, a súa transcrición e mais un breve pero gorentoso limiar. O texto é unha mostra do material inédito de e sobre Filgueira que aínda cómpre exhumar e dar a coñecer, sexa ou non de filiación ensaística, pois en parte

tamén o é. Particularmente o texto resultoume interesantísimo pois xustamente un mes antes do levantamento militar Filgueira parecía non albergar –agás unha referencia que aparece tachada e que fai mención ao “desasosegante” momento que se vivía– sospeitas do que podería ocorrer. Velái ese fragmento:

Supoñede, non é moito supoñer [*cicais*], que trunfa o plebiscito, que se impoña o Estatuto, que unha Galicia autónoma guiada pol-o Frente Popular navega cara un incerto porvir. Ti, católico, ti dereitista, que o día 28 quedaches na casa, ti que aquel día non dixeches que “si” non poderás [*cicais evadirte dos problemas dicindo: “Yo no traje esto, yo me opuse a esto” mais non poderás*] con frente ergueita chamarte á parte nesa obra autonómica. [*Non,*] Ti terás a necesidade de dicir: “Eu axudei a que viñese o Estatuto i-agora non tolero que se me defraude...”? [*Non coviña mais*] Convén que poidas dicir: “Eu traballei por un Estatuto de Galicia, non de un Partido, eu pido que se respete o que todos, todolo-s galegos a unha temos conquistado “Ese Estatuto do 28 de xunio que votamos dereitas i-esquerdas, ese Estatuto é unha carta de convivencia, non unha patente de persecución”.

Logo da apelación á carta de convivencia, conclúe, sempre na clave de galeguismo e relixiosidade que abrazou con convicción desde novo:

Galicia vos pide que neste día solene do 28 de xunio non sexades vos quen deserte. [*Galicia vos prega*] Galicia, os que por coñecela a amamos moito vos pregamos que non fagades fracasar denantes de nacer o réxime autonómico do noso pobo. En nome dos galegos que ensoñaron esta hora e que xa se foron da patria terra, [*en nome de*] pol-os galeguistas católicos que xa non poden falar e actuar hoxe eiquí en ningures nesta hora decisiva, eu vos prego que fagades o sacrificio de votar [*o día 28*] Pol-o aceno ideal de Brañas. Pol-a obra esgrevia somos orfos de López Ferreiro, de Lago González, de Lousada Diéguez, de Amor Ruibal... mais non estamos soios neste intre cheo de responsabilidades [*traxicamente dooroso en que ollamos en mans alleas a nosa sangra bandeira que é un anaco de ceo*]. Non estamos soios. Temol-os a eles e temos todo o tesouro [*da nosa fé, da nosa esperanza nese desexo*] “misterio de fé” que é escudo e guieiro da terra galega, no sagro Grial da nosa esperanza, no calis do infindo amor. Adiante irmáns. Deus cos irmáns galegos.

Oxalá, pois, haxa oportunidade de seguir avanzando, recuperando prosas, conferencias, artigos ou estudos de Filgueira e ir, deste xeito, coñecendo con rigor e pertinencia todo o que dedicou ao seu país, que ao meu ver foi moito e sempre feito desde o entusiasmo e o rigor. Que así sexa. Dixen.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (2007): “Filgueira Valverde e as Letras: notas para entender o seu discurso erudito e crítico”, en Xosé Carlos Valle Pérez (ed.), *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Un século de Galicia*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- (2015): *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ferro Ruibal, Xesús (2000): “Xosé Filgueira Valverde”, *Boletín da Real Academia Galega* 361, 311-315.
- Regueiro Tenreiro, Manuel e Fernando Regueiro Pérez (2015): “Conferencia de Filgueira Valverde (emitida en Radio Lugo e Pontevedra, 18 de xunio de 1936). As razóns do galeguismo autonomista”, *Galicia Dixital. Letras Galegas*. (<http://diadasletrasgalegas.galiciadigital.com/conferencias/xose-fernando-filgueira-valverde>). [Consulta en novembro-décembro 2015].

APÉNDICE




Figura 1: Carta de Xosé Filgueira Valverde a Celso Emilio Ferreiro.
Pontevedra, 30 de novembro de 1977 / Fundación Celso Emilio Ferreiro.

*El Director
del
Museo de Pontevedra*

7-I-1978

Sr. Don
Celso Emilio Ferreiro
M a d r i d

Benquerido Celso Emilio:

Moitísimas gracias pola túa agarimosa recensión no ABC. Como, de certo escribimos pra os amigos, i eu fíxeno coidando en vos, os de sempre, gorenta o saberse lido e comprendido con aqueles con que conver-
sóu un, compoñendo. E si a gabanza ven dun primeirísimo escritor, "mel sobre filloas", que diríamos galeguizando o dito castelán. Soupeches catar moi ben o que quixen facer, e, moi agarimoso, sulfiar o menos ma-
lo e dar ao esquecemento o rafez, que non é pouco.

Quedéi moi lodo co logro, tan de seguida, da pensión pra o Ben-Cho-Shey, que tan malos tempos anda a pasar. Era de xusticia, por todo.

Recibín unha carta de Evaristo Mosquera que me enchéu de emoción. Gracias pola parte que tes en tado.

Dende agora enviareiche canto pubriquemos. ¿Fás soio crítica do escrito en galego ou de todo o que se faga sobre Galicia? Avisarei aos amigos que non leen ABC pra que se non esquezan de enviarche as súas cousas. ¿Tes a edición boa do "Diario 1921" de Castelao?

Ponme aos pes da túa muller. María Teresa vos sauda.

*Bo ánimo. moitos tempos no
1978 e unha carta moi feita
le
Filgueira*

Figura 2: Carta de Xosé Filgueira Valverde a Celso Emilio Ferreiro.
Pontevedra, 7 de xaneiro de 1978 / Fundación Celso Emilio Ferreiro.

El Director
del
Museo de Pontevedra 2-XII-77

Sr. D.
CELSO EMILIO FERREIRO

Querido e admirado Celso Emilio:

Envíoches copia da carta que fixen pra a Fundación Barrié. Enviéi tamén, a máis do breve "curriculum", a Bibliografía "pola longa", e to-meime a liberdade de usar da tua carta que coído bo escomenzo de trámite.

Agora o que convén e que cheguen á Fundación outras peticións, antre elas a do "Centro Gallego" do que Ben-Cho-Shey foi, e cicáis siga sendo, directivo.

Pola miña parte, procurarei falar do choio persoalmente con Carmela e con Xoaquín. Foi mágoa que non puden ir á xuntanza da "Fundación Pastor" do día 29 pra compretar xestión con outros patronos.

Conviría falar ahí a Doña Margarita Pastor de Jessen. Ten moito valimento con ela Antonio Iglesias. Coido que sería bo que a visitase directamente unha comisión de galegos dos que vivides en Madrid.


Dispón sempre de

Fdo. Xosé Filgueira Valverde

Figura 3: Carta de Xosé Filgueira Valverde a Celso Emilio Ferreiro.
Pontevedra, 2 de decembro de 1977 / Fundación Celso Emilio Ferreiro.